



CONCELLO DE SANTA COMBA

Terra de Xallas

Praza do Concello 1, 15.841 Santa Comba (A Coruña). Tífs: 981 880 075 - 609 241 138 Fax: 981 880 716
Web: www.santacomba.es eMail: correo@santacomba.dicoruna.es CIF: P-1507800-1

BANDO

CONDUCCIÓN DE CANS POLA VÍA PÚBLICA

María Josefa Pose Rodríguez, como alcaldesa do Concello de Santa Comba,

Fago saber:

O regulamento dos servizos municipais de limpeza viaria, recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e punto limpo do concello de Santa Comba establece as seguintes normas no que respecta a tenza de animais:

Artigo 29.

1.- As persoas que conduzan cans ou outros animais polas vías e espazos públicos, ademais de leva-los atados e, no seu caso, con bozo dependendo da perigosidade potencial do animal e cumpri-los demais requisitos establecidos nas disposicións legais vixentes, deberán levar obrigatoriamente unhas bolsas e un recolledor, ou accesorios similares, para a recollida e limpeza das dexeccións.

2.- No caso de que as dexeccións queden depositadas nas beirarrúas, xardíns, praias fluviais ou outras zonas destinadas ó tránsito peonil, a persoa que conduza o animal está obrigada a súa limpeza inmediata, e deberá depositala nos contedores de lixo, debidamente empaquetada.

Non limpar as deposicións dos cans e incumprir a normativa de tránsito establecido no artigo 29 está considerado como unha infracción leve, que será sancionada con multa de contía variable que vai dende os 60 ata os 500 euros.

Santa Comba, a 30 de xullo de 2021

A Alcaldesa

María Josefa Pose Rodríguez